

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente NÚMERO: 2021/2

DATA: xoves 4 de febreiro de 2021

LUGAR: mediante vídeo conferencia: <https://jitsi.concelloderianxo.gal/Pleno>

HORA DE COMEZO: 19:00 h

HORA DE REMATE: 19: 39 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
ADELINA CES QUINTANS
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE (que se incorpora no segundo punto da orde do día)
PSdeG-PSOE
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARIA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
MARIANO MOARES RIAL

ORDE DO DÍA

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA
2. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021
3. POS+ADICIONAL 1/2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=kfIssym_-xo

PROPOSTAS ORDINARIAS

RATIFICACIÓN DA URXENCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urxencia da sesión ven dada polo prazo de presentación na plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña, da subvención APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL - (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) -"POS+ 2021" e APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS - "POS+ ADICIONAL 1/2021" que rematan o 05/02/2021, polo que é necesario a aprobación do expediente do POS 2021.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a urxencia.

2 APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder subir a plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña a solicitude de subvención que remata o prazo o venres 5 de febreiro de 2021

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e sete de novembro de dous mil vinte (27/11/2020), acordou a aprobación das BASES REGULADORAS para o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021, publicadas no BOP nº 205 de 01/12/2020.

Con data 31/12/2020 publicase no BOP nº 225, a modificación das Bases reguladoras do POS+2021 para modificar as Bases 7 e 9 para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, e a Base 12 para ampliación do obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios

Polo tanto é á vista do anteriormente exposto, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	154.303,28	41.671,40	195.974,68
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	32.687,25	32.687,25
Subtotal pago a provedores	154.303,28	74.358,65	228.661,93

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	100.965,23
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	100.965,23

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Dotación e ampliación da rede de abastecemento de auga no lugar de Corques, na parroquia de Taragoña	103.962,06	0,00	103.962,06
Subtotal investimentos achega provincial 2021	103.962,06	0,00	103.962,06

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles) Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2020			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Banco de Sabadell, SA	56.574,89
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	56.574,89

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	195.974,68		195.974,68
	Achega 2021	32.687,25		32.687,25

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	100.965,23		100.965,23
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00		0,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	103.962,06	0,00	103.962,06
	Achega 2020	0,00	0,00	0,00
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	56.574,89		56.574,89
TOTAL	Achega 2021	237.614,54	0,00	237.614,54
	Achega 2020	195.974,68	0,00	195.974,68
	Préstamo 2021	56.574,89	0,00	56.574,89
	TOTAL	490.164,11	0,00	490.164,11

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
CAMBIO DE CUBERTA DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO	136.402,83€
DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA - FASE I	243.527,03€
TOTAIS	379.929,86

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 14 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, dos 3 membros do grupo PP e un da concelleira do grupo Ciudadanos)), cero votos en contra e unha abstención (dos 2 membros de Rianxo en Común) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

3 APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS - “POS+ ADICIONAL1/ 2021”

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS - POS+ ADICIONAL1/ 2021 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder subir a plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña a solicitude de subvención que remata o prazo o venres 5 de febreiro de 2021

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e sete de

novembro de dous mil vinte (27/11/2020), acordou a aprobación das BASES REGULADORAS para o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021, publicadas no BOP nº 205 de 01/12/2020.

a Base número 12.-POS+ADICIONAL 1/2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021. regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021, para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 en materia de servizos sociais. O POS+Adicional 1/2021 destínase ao financiamento dos seguintes gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021:

a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)

b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.

c) Axudas ás familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS).

e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.

f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.

g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e ás persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.

h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.

Con data 31/12/2020 publícase no BOP nº 225, a modificación das Bases reguladoras do POS+2021 para modificar as Bases 7 e 9 para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, e a Base 12 para ampliación do obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios

Polo tanto é á vista do anteriormente exposto, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	144.008.82
---	-------------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	72.021,06	0,00	72.021,06
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
<p>d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS)</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	606.703,76	499.082,11	107.621,65
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L	678.724,82	499.082,11	179.642,71

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 14 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, dos 3 membros do grupo PP e un da concelleira do grupo Ciudadanos), cero votos en contra e unha abstención (dos 2 membros de Rianxo en Común) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta